

Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo

Aprobado no Consello de Goberno do 20/07/2012

(Versión tras o Acordo do Consello de Goberno de 6 de xuño de 2014)

(Versión tras o Acordo do Consello de Goberno de 7 de febreiro de 2017)

Exposición de motivos

A entrada en vigor do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, fixa un novo marco normativo para adaptar estes ensinamentos ao Espazo Europeo de Educación Superior, proceso iniciado no ano 1999 coa Declaración de Boloña. Igualmente, estas ensinanzas deben respectar o Real Decreto 195/2016, de 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor.

Deste xeito, procede aprobar un novo regulamento de estudos de doutoramento adaptado á nova lexislación estatal, documento que pretende ter unha regulación unitaria nos aspectos de xestión académica.

Capítulo preliminar. Principios xerais

Artigo 1. Contexto legal

Os estudos de doutoramento e a obtención do título de doutor/a na Universidade de Vigo rexeranse polo disposto na Lei orgánica 6/2011, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica de universidades 4/2007, do 12 de abril, e as súas normas de desenvolvemento; o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo e, en especial, o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento; o Real Decreto 195/2016, de 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor; os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións promulgadas polo Estado, adaptadas á comunidade autónoma de Galicia e á Universidade de Vigo no ámbito das súas respectivas competencias, e en particular polo presente regulamento.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente normativa ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor ou doutora na Universidade de Vigo, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.



Capítulo 1. Estudos de doutoramento

Artigo 3. Estrutura dos estudos de doutoramento

Os estudos de doutoramento organizaranse a través de programas de doutoramento, na forma en que determinen os Estatutos da Universidade de Vigo e de acordo cos criterios establecidos no Real decreto 99/2011. Os devanditos estudos finalizarán, en todo caso, coa elaboración e defensa dunha tese de doutoramento que incorpore resultados orixinais de investigación.

Os programas de doutoramento incluírán aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS e comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa, aínda que, en todo caso, a actividade esencial do estudantado de doutoramento será a investigación.

En calquera caso, a memoria de verificación do programa de doutoramento recollerá a relación de actividades formativas, con indicación expresa, de ser o caso, das que son de carácter obrigatorio para todo o alumnado do programa de doutoramento.

Capítulo 2. Organización dos estudos de doutoramento

Artigo 4. Organización a través das escolas de doutoramento

As escolas de doutoramento da Universidade de Vigo asumen a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na Universidade de Vigo.


A súa finalidade é desenvolver un modelo de formación doutoral flexible, interdisciplinaria e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da Universidade.

De acordo co establecido no Real decreto 99/2011, as escolas de doutoramento contarán cun comité de dirección, que realizará as funcións relativas á organización e xestión delas e do que polo menos formarán parte quen o dirixa, as persoas que coordinen os seus programas de doutoramento e representantes das entidades colaboradoras. O director ou directora dunha escola será nomeado polo reitor ou reitora e debe ser unha persoa dedicada á investigación de recoñecido prestixio pertencente aos corpos docentes da Universidade. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión de, polo menos, tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto.

A Universidade habilitará a infraestrutura e os recursos que considere oportunos para dotar as escolas de doutoramento da capacidade requirida para desenvolver as súas funcións.

A estrutura e as competencias das escolas de doutoramento definiranse no acordo de creación que aprobará o Consello de Goberno e contarán cun regulamento de réxime interno que establecerá, entre outros aspectos, os dereitos e deberes das persoas que dirixan e titoras ou titoras de teses, do estudantado de doutoramento, así como a composición e as funcións das comisións académicas dos seus programas.

Capítulo 3. Organización dos programas de doutoramento



Artigo 5. Comisión académica do programa de doutoramento

Cada programa de doutoramento contará cunha comisión académica do programa de doutoramento (en adiante CAPD), órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do citado programa.

A CAPD estará integrada por un mínimo de sete membros entre os cales deberán figurar o presidente/a e o secretario/a, e será nomeada polo reitor ou reitora. O secretario ou secretaria dará fe dos acordos adoptados pola comisión e redactará a acta das sesións da CAPD. Os seus membros serán renovados, con carácter xeral, cada catro anos, [segundo o procedemento acordado polo Comité de Dirección da Escola de doutoramento](#).

No caso de programas de doutoramento interuniversitario, ou programas en que participen organismos, entidades, centros ou institucións con actividades de I+D+i, a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a súa composición deberá contar con, polo menos, un membro de cada unha das universidades responsables do desenvolvemento do programa.

A CAPD estará integrada por profesorado doutor con vinculación permanente coa Universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de polo menos un período de actividade investigadora reconecida de acordo co Real decreto 1086/1989. No caso de programas de doutoramento que contén coa colaboración doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, poderá formar parte da CAPD o persoal investigador vinculado aos devanditos organismos, sempre que acredite cumprir os mesmos requisitos que os adscritos á Universidade ou méritos equiparables no caso de que non resulte de aplicación a posesión do período de actividade investigadora. A totalidade dos membros da CAPD deberá constar como profesorado asignado ao programa de doutoramento. Na composición da CAPD tenderase á presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 6. Competencias da comisión académica

Son funcións da comisión académica dun programa de doutoramento:


- 1 Deseñar, organizar, coordinar e proporlle á escola de doutoramento o conxunto de actividades que conforman o programa, incluíndo liñas de investigación, actividades formativas, relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses de doutoramento, criterios de admisión e selección do alumnado e toda cantidade de información lle sexa requirida en cumprimento da normativa vixente.
- 2 Manter actualizada a información referente ao programa de doutoramento e informar a este respecto a escola de doutoramento nos prazos e procedemento establecidos.
- 3 Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión do alumnado no programa de doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
- 4 Asignarlle ao alumnado admitido no programa un titor/a e, no prazo máximo de tres meses despois de formalizar a súa matrícula, un director/a. Tamén lle compete á CAPD a modificación destes nomeamentos e, se é o caso, a autorización da codirección da tese cando concorran razóns de índole académica que o xustifiquen.



- 5 Establecer, se é o caso, os complementos específicos de formación que o alumnado debe cursar para ser admitido no programa de doutoramento.
- 6 Establecer, de ser o caso, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do programa que o alumnado debe cursar tras ser admitido no programa de doutoramento.
- 7 Realizar anualmente a **supervisión** do documento de actividades e do plan de investigación de cada estudante de doutoramento, tendo en conta os informes que para tal efecto deberán emitir o titor/a e o director/a.
- 8 Autorizar as estadías e as actividades fóra de España en institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio, incluídas as necesarias para a mención internacional e de **cotutela** no título de doutor/a. Estas estadías e actividades deberán ser previamente informadas e avaladas polo director/a e o titor/a.
- 9 Autorizar a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no programa cando proceda.
- 10 Autorizar, de ser o caso, as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais, segundo o disposto no Real decreto 99/2011 e nos artigos 26 e 27 deste regulamento.
- 11 Facer as propostas de modificación e/ou suspensión/extinción do programa, que serán remitidas á escola de doutoramento para a súa valoración.
- 12 Proporcionarlles asesoramento académico e/ou científico a estudantes de doutoramento e a directores/as de teses.
- 13 Emitir o informe de autorización de inicio de trámite para presentar e expoñer publicamente a tese de doutoramento e aprobar, de ser o caso, os requisitos de calidade das teses de doutoramento.
- 14 Elaborar a memoria para verificar e/ou modificar o programa de doutoramento segundo a normativa vixente.
- 15 Calquera outra función que lle encomende a escola de doutoramento ou se lle asigne en cumprimento do presente regulamento e demais disposicións legais vixentes.

Artigo 7. Coordinador/a do programa de doutoramento

Cada programa de doutoramento deberá contar cun coordinador/a, designado polo reitor/a, que actuará como presidente da comisión académica do programa de doutoramento, que cumpra conxuntamente os seguintes requisitos: (i) ter dirixido ou codirixido polo menos dúas teses de doutoramento, (ii) estar en posesión de, polo menos, dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co Real decreto 1086/1989 e (iii) ter vinculación permanente coa Universidade e dedicación a tempo completo. A persoa que coordine só poderá exercer as funcións derivadas do seu cargo nun único programa de doutoramento.



No caso de programas interuniversitarios a designación da persoa coordinadora será por acordo entre os reitores/as, cando se trate de programas conxuntos, ou no modo indicado no convenio con outras institucións, cando se desenvolva en colaboración con estas.

Artigo 8. Profesorado do programa de doutoramento

Todo o profesorado do programa de doutoramento deberá estar en posesión do título de doutor/a, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación científica ou profesional no correspondente ámbito de coñecemento.

Será factible incorporar ao programa persoal docente ou investigador alleo á propia Universidade. En tal caso, a CAPD acreditará esta condición e garantirá os recursos necesarios para estas incorporacións e deberá comunicarllo á Universidade.

Un profesor/a ou investigador/a só poderá estar asignado con carácter xeral a un programa de doutoramento, sen prexuízo de que poida colaborar en actividades formativas doutros programas como convidado/a. Excepcionalmente, en casos xustificados de desenvolvemento ou participación en liñas de investigación diferenciadas, poderase permitir a asignación deste/a profesor/a ou investigador/a en **máis dun** programa de doutoramento. A participación de profesorado da Universidade de Vigo como **membro do cadro docente dun** programa de doutoramento doutra universidade requirirá a autorización formal da Universidade de Vigo.

Artigo 9. Titoría do programa de doutoramento

A admisión definitiva dun doutorando/a nun programa de doutoramento leva a asignación dun titor/a, designado pola CAPD correspondente. Tratarase dun profesor/a asignado ao programa con vinculación permanente coa Universidade e/ou a entidade colaboradora no programa de doutoramento.

Con carácter xeral, o titor/a terá como labores: (i) velar pola interacción do doutorando/a coa CAPD e, conxuntamente, co director/a da tese; e (ii) velar pola adecuación ás liñas do programa, da formación e da actividade investigadora do doutorando.


A CAPD, unha vez oído o doutorando/a, poderá modificar o nomeamento do titor ou titora en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

No caso de que un profesor/a do programa cumpra os requisitos para ser director/a e titor/a, asumirá as dúas funcións, **de ser o caso**.

O labor de titorización será recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Artigo 10. Dirección da tese de doutoramento

No prazo máximo de tres meses desde a súa matriculación, a CAPD asignaralle a cada estudante de doutoramento un director ou directora de tese. Esta persoa será a máxima responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese de doutoramento e da guía na planificación e a súa adecuación, se é o caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o doutorando/a.



Poderá ser director/a da tese calquera doutor/a español ou estranxeiro, con experiencia investigadora acreditada, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos. Para os efectos desta normativa, por «acreditada experiencia investigadora» enténdese o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- Ter recoñecido, polo menos, un sexenio de actividade investigadora [avaliado pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora \(CNEAI\)](#) ou, no seu defecto, [acreditar méritos suficientes que garantan a avaliación positiva dun sexenio de actividade investigadora segundo o establecido pola CNEAI para cada campo científico.](#)
- Ser, nos últimos seis anos, investigadora ou investigador principal dun proxecto de investigación financiado mediante unha convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias da Universidade).
- Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, como mínimo de tres publicacións en revistas incluídas no *Journal Citation Reports*. Nas áreas en que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola CNEAI nestes campos científicos.
- Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
- Ter dirixido unha tese de doutoramento nos últimos cinco anos coa [cualificación de cum laude](#) que orixinase, polo menos, unha publicación en revistas indexadas no ISI-JCR ou algunha [contribución de relevancia equivalente](#) no seu campo científico segundo os criterios da CNEAI.


O programa asignará un titor/a que cumpra os requisitos establecidos no artigo 9 deste regulamento, no caso de que o director/a non teña vinculación permanente coa Universidade ou entidade colaboradora do programa ou non sexa docente do programa.

A CAPD, unha vez oído o doutorando/a, poderá modificar o nomeamento do director ou directora de tese en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

A tese poderá ser codirixida, [por un máximo de dúas persoas](#), cando concorran razóns de índole académica ou cando a interdisciplinabilidade temática ou os programas desenvoltos en colaboración nacional ou internacional así o xustifiquen. En todo caso, a codirección deberá ser previamente autorizada pola CAPD. A devandita autorización poderá ser revogada con posterioridade se a xuízo da CAPD a codirección non beneficia o desenvolvemento da tese.

[Nos casos de teses en cotutela ou doutoramento industrial poderá contarse cun/ha director/a adicional ao límite máximo establecido, sempre que pertenza á outra universidade \(cotutela\) ou á empresa/institución \(doutoramento industrial\).](#) As persoas que codirixan as teses deberán cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para os/as directores/as no presente regulamento.

O labor de dirección [ou codirección](#) de tese será recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.



Capítulo 4. Novas propostas de programas de doutoramento e modificación das existentes

Artigo 11. Presentación e tramitación das propostas

O calendario e o procedemento de aprobación no seo de cada universidade de novas propostas de programas de doutoramento e/ou modificación dos existentes será establecido anualmente pola Universidade. O calendario será consensuado anualmente entre as universidades do SUG co obxecto de facilitar a xestión administrativa e académica de elaboración e a aprobación das propostas.

A proposta dun programa de doutoramento presentarse ante a escola de doutoramento por iniciativa dun ou varios grupos de investigación (ou agrupación de investigadores/as) ou do equipo de goberno, e materializarase na presentación dunha declaración de intencións que conteña a información básica da proposta do proxecto formativo co obxecto de valorar o seu alcance. Na declaración de intencións debe figurar a proposta da composición inicial da CAPD. A proposta de modificación dun programa de doutoramento presentarse ante a escola de doutoramento por iniciativa da CAPD e materializarase na presentación dunha declaración de intencións **ou interese** segundo o formato establecido.

A Universidade poderá establecer criterios e requisitos de avaliación das propostas no exercicio da súa responsabilidade na planificación da súa oferta dos estudos de doutoramento.

Unha vez recibidas as declaracións de intencións **ou interese**, a escola de doutoramento valorará o cumprimento dos requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 e a súa adecuación aos principios da estratexia en materia de I+D+i e da formación doutoral da Universidade, e emitirá, sobre a base desta valoración, un informe favorable ou desfavorable sobre cadansúa declaración.

No caso de novas propostas, a emisión dun informe favorable implica o nomeamento formal da comisión académica do programa de doutoramento e que a faculta para desenvolver a proposta definitiva nos termos fixados polo Consello de Universidades, a comunidade autónoma e a propia universidade.

Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que incluírá como mínimo a proposta da memoria, segundo o formato establecido, e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), a proposta será sometida a informe da escola de doutoramento, logo da exposición pública á comunidade universitaria segundo o procedemento e o calendario establecidos, e a aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social da Universidade.

Artigo 12. Programas de doutoramento conxuntos

As universidades poderán organizar con outras universidades, nacionais ou estranxeiras, mediante a subscripción dun convenio, programas de doutoramento conducentes á obtención dun único título de doutor/a. O convenio asinado incluírá, polo menos: (i) a relación de universidades participantes con indicación expresa da universidade que asume a coordinación do programa; (ii) a composición da comisión académica do programa de doutoramento e das subcomisións delegadas en cada universidade e as funcións de ambos os órganos; (iii) a descrición da mobilidade de alumnado e/ou profesorado; (iv) a matrícula e custodia dos



expedientes; (v) a universidade responsable da expedición e rexistro do título de doutor/a; (vi) o procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento; (vii) o réxime de xestión de recursos económicos do programa. Co obxecto de facilitar a xestión dos programas de doutoramento de carácter interuniversitario, as universidades do SUG comprometeranse a aprobar un modelo tipo de convenio de colaboración que recolla os acordos relativos aos termos aos que se refire o parágrafo anterior.

As universidades participantes recoñecerán para os efectos académicos e administrativos as actividades formativas do programa de doutoramento cursadas en calquera das universidades participantes nos termos que figuran na correspondente memoria de verificación do título.

No caso de programas de doutoramento organizados de forma conxunta por universidades do SUG deberá presentarse a correspondente declaración de interese en cada unha das universidades participantes por iniciativa dun ou varios grupos de investigación das universidades participantes. Cando se reciba a declaración de interese dun programa de doutoramento interuniversitario, esta será valorada pola unidade/órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada unha das universidades participantes. A emisión dun informe favorable por parte de todas as universidades participantes será requisito indispensable para continuar co desenvolvemento da proposta do programa de doutoramento.

Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que inclúe polo menos a proposta de memoria —segundo o formato establecido—, a proposta de convenio de colaboración e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), esta será sometida a informe da unidade/órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada universidade e á aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social das universidades participantes.

A comisión académica dun programa de doutoramento de carácter interuniversitario estará integrada por unha representación equilibrada das universidades participantes no programa e os seus membros deben cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para os e as integrantes das comisións académicas dos programas de doutoramento organizados só pola Universidade de Vigo. Na declaración de interese debe constar a universidade que asume a coordinación do programa e os datos do coordinador/a xeral e local ou locais en cada universidade.

É competencia e responsabilidade da universidade coordinadora asumir as seguintes funcións, ademais das que figuren no correspondente convenio de colaboración do programa:

- Coordinar o proceso de elaboración e aprobación do programa de doutoramento e tratar de asegurar a participación proactiva e equilibrada das universidades participantes.
- Realizar as xestións e os trámites administrativos con relación ao procedemento de autorización ante a comunidade autónoma e a verificación ante o Consello de Universidades, así como informar as universidades participantes do estado dos citados procedementos.
- Promover o convenio de colaboración do programa de doutoramento.
- Facer os trámites formais de rexistro dos correspondentes títulos no rexistro de universidades, centros e títulos (en adiante RUCT).
- Remitirlles ás universidades participantes os informes de avaliación e/ou autorización emitidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG),



polo departamento competente en materia de universidades da comunidade autónoma e polo Consello de Universidades, así como os documentos que conformen a memoria do programa unha vez autorizado e verificado.

- Coordinar os procedementos de seguimento e renovación da acreditación do programa de doutoramento.
- Coordinar, de ser o caso, o procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento.

Artigo 13. Acreditación dos programas de doutoramento

Conforme o disposto no artigo 24.2 do RD 1393/2007 e o artigo 10.3 do RD 99/2011, cada seis anos, que contarán desde a data da súa verificación inicial ou desde a da súa última acreditación, os programas de doutoramento deberán someterse a unha avaliación para renovar a súa acreditación de acordo co procedemento e os prazos que a comunidade autónoma de Galicia estableza.

Artigo 14. Extinción dos programas de doutoramento


Un programa de doutoramento poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- Que non supere o proceso de renovación da acreditación establecido no artigo 10 do Real decreto 99/2011.
- Que non acredite o cumprimento dos requisitos básicos que o goberno estableza de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, de universidades.
- Que non cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 do Decreto 222/2011 ou se vexa afectado polo disposto no artigo 18 do devandito decreto.
- Que se formule algunha proposta de extinción do programa ao abeiro dos procesos de revisión e mellora do título de acordo coa sistemática aprobada pola Universidade.
- Cando concorra calquera situación excepcional que impida o correcto desenvolvemento do programa de doutoramento.

A extinción producirá os seguintes efectos:

- A perda do seu carácter oficial e a baixa no RUCT.
- Non se poderán matricular novos alumnos/as no programa de doutoramento.
- En calquera caso, todo o alumnado afectado deberá ser informado da extinción e das súas consecuencias no relativo ao desenvolvemento dos seus estudos.

A Universidade adoptará as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos do estudantado que se encontre cursando os devanditos estudos nos termos establecidos na



resolución de extinción dos plans de estudo e aprobará o procedemento de extinción dos programas de doutoramento no seo da Universidade.

Capítulo 5. Acceso e admisión en estudos de doutoramento

Artigo 15. Acceso

Son requisitos de acceso a un programa de doutoramento os seguintes:

- 1 Con carácter xeral, para acceder a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de mestrado universitario, **ou equivalente, sempre que se teñan superado, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.**
- 2 Así mesmo poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - a) Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a mestrado de acordo co establecido no artigo 16 do Real decreto 1393/2007 e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, deberán de ser de nivel de mestrado.
 - b) Estar en posesión dun título oficial español de graduado ou graduada, cuxa duración, conforme normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. As devanditas persoas tituladas deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de mestrado.
 - c) As persoas con titulación universitaria que, logo de obter unha praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.
 - d) Estar en posesión dun título obtido conforme sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, tras comprobar pola Universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de mestrado universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.
 - e) Estar en posesión doutro título español de doutor/a obtido conforme anteriores ordenacións universitarias.



- f) Estar en posesión dun título universitario oficial que obtivese a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) de acordo co procedemento establecido no Real Decreto 967/2014 do 21 de novembro.
- 3 O estudiantado de doutoramento que iniciase o seu programa de doutoramento conforme anteriores ordenacións universitarias, poderá acceder aos ensinos de doutoramento despois da admisión de acordo co establecido neste regulamento. En todo caso, deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral neste regulamento para acceso a estudos de doutoramento.
 - 4 Poderán acceder aos estudos de doutoramento os licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estivesen en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.
 - 5 Poderán acceder aos estudos de doutoramento os licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estivesen en posesión dun título de mestrado oficial conforme o Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou teñan superado 60 ECTS de estudos de mestrado oficial.
 - 6 Tamén poderán acceder os diplomados/as, enxeñeiros/as técnicos/as ou arquitectos/as técnicos/as que acrediten ter superados 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, deberán de ser de nivel de mestrado.

Artigo 16. Admisión


Na memoria de verificación e na oferta dos programas poderán establecerse requisitos e criterios adicionais para seleccionar e admitir o estudiantado.

No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada a superar os complementos de formación específicos.

De ser o caso, os programas, a través da súa memoria, determinarán os complementos de formación que deberán ser concretados para cada estudante pola CAPD, sen que se poidan superar os 15 ECTS. Estes complementos realizaranse con anterioridade ou simultaneamente á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea, o alumnado deberá matricularse nestes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica no programa. No caso de ser anterior só se matriculará nestes complementos e non se asinará o compromiso de supervisión ao que fai referencia o artigo 31 deste regulamento nin se abrirá o documento de actividades do doutorando/a ata a súa superación.

Os complementos de formación deberán superarse no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos. De non facelo así, o alumnado causará baixa no programa.

Os devanditos complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de mestrado e grao e terán, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. No caso de realizarse con carácter previo, o seu desenvolvemento non computará para os efectos do límite temporal establecido para a realización da tese. Estes créditos non computarán para os efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.



Artigo 17. Alumnado con titulación estranxeira

O estudantado que teña títulos equivalentes aos oficiais de grao e mestrado e que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe, expedidos por unha universidade ou centro de ensino superior estranxeiros, poderán acceder aos estudos de doutoramento tras a homologación do seu título polo ministerio competente ou pola universidade, segundo corresponda.

O alumnado con título estranxeiro sen homologar poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que acredite un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e faculte no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.

Deste xeito, o estudantado con título estranxeiro sen homologar requirirá, para a plena validez da súa matrícula, unha resolución de equivalencia outorgada polo reitor/a, tras os informes que regulamentariamente se establezan, en que se indicará a denominación do título estranxeiro e o seu recoñecemento para cursar estes estudos. A equivalencia deberá solicitarse dentro do prazo que se estableza para iso, mediante o título con base no cal se desexa acceder aos estudos de terceiro ciclo e un certificado académico dos mencionados estudos, en que consten as materias e os períodos académicos cursados e de que o título dá acceso ao seu país aos estudos de doutoramento. Todo o anterior presentarse debidamente legalizado (orixinais e fotocopias para o seu cotexo ou fotocopias autenticadas polos servizos consulares ou embaixadas españolas). No caso de non ser o idioma de orixe o castelán, deberase acompañar tamén dunha tradución legalizada da documentación anteriormente citada.

Na solicitude de admisión do alumnado tamén se incluírá a posibilidade de realizar simultaneamente a solicitude de equivalencia, en caso necesario. A CAPD valorará a adecuación académica dos estudos cursados pola persoa solicitante e terá que figurar esta circunstancia na proposta de admisión no programa.

As resolucións de equivalencia constarán no expediente do alumno/a e poderán certificarse como calquera outro extremo.

O alumnado poderá matricularse sen esperar a resolución de equivalencia, pero a súa matrícula quedará condicionada a esta declaración.


Cada programa poderá establecer unha cota para alumnado con titulacións estranxeiras, podendo establecer e acordar, con anterioridade aos prazos de preinscrición, preadmisións condicionadas ao cumprimento dos requisitos e criterios de selección.

Artigo 18. Alumnado con necesidades especiais

Para o estudantado con necesidades educativas especiais, estableceranse sistemas e servizos de apoio e asesoramento adecuados, que poderán determinar a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

Artigo 19. Procedemento de admisión

- 1 O alumnado que reúna os requisitos de acceso e admisión poderá solicitar a admisión a un programa de doutoramento, para o cal se establecerá un prazo de preinscrición. A mencionada solicitude presentarse no lugar que sinala a convocatoria.



- 2 Logo de finalizar este prazo, a CAPD realizará a proposta de persoas admitidas, coa súa correspondente listaxe de agarda, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa. A devandita proposta considerárase como relación provisional de persoas admitidas e deberá facerse pública.
- 3 Os/as aspirantes non admitidos poderán presentar unha reclamación no prazo e forma establecidos na correspondente convocatoria de matrícula. Unha vez transcorrido o período de reclamacións e resoltas estas, remitiráselle a relación de alumnado admitido á unidade de xestión administrativa correspondente para poder formalizar a súa matrícula no prazo que se sinala. De non formalizar a súa matrícula, a persoa solicitante decaerá nos seus dereitos.

Artigo 20. Adaptacións e recoñecementos

O alumnado que á entrada en vigor do Real decreto 99/2011 estivera cursando estudos de doutoramento poderá solicitar a admisión nun programa verificado conforme o citado real decreto, pola vía de adaptación. Para a admisión por esta vía deberá ter un informe favorable da CAPD. Unha vez admitido, deberá realizar todos os trámites do novo alumnado do programa e a liquidación de prezos públicos que proceda e comezarán a computar os prazos para a etapa da tese.

Os cursos, seminarios, estadias e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real decreto 778/1998, do Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento. Para seren recoñecidos, deberá existir afinidade suficiente en duración e contidos coas actividades formativas do programa. Unha vez recoñecidos incluíranse no documento de actividades personalizado e poderase imputar como superación dunha actividade formativa do programa, de ser o caso.


A Universidade fixará por resolución reitoral as bases e o procedemento de adaptación e recoñecemento en desenvolvemento deste acordo.

Capítulo 6. Matrícula en estudos de doutoramento

Artigo 21. Matrícula no programa de doutoramento

As e os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento deberán matricularse, de ser o caso, nas actividades formativas determinados pola CAPD e anualmente polo concepto de tutela académica do doutoramento, tras a avaliación positiva da CAPD, na unidade de xestión e de acordo co procedemento e calendario que a Universidade estableza. No caso de que unha/un doutorando non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa, salvo nos casos previstos por baixa temporal no programa. A matrícula de tutela académica outórgalle ao doutorando/a o dereito á titoría académica, ao uso dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e á plenitude de dereitos previstos pola normativa para o estudiantado de doutoramento.

Á comunidade autónoma correspóndelle fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, que terán a consideración de prezos públicos.



Cando se trate de programas conxuntos, o convenio incluído na memoria de verificación do programa determinará a forma en que se debe levar a cabo a devandita matrícula.

Cando se trate de programas de intercambio de alumnado, o acordo asinado polas universidades participantes determinará a forma en que se debe levar a cabo a matrícula.

Artigo 22. Períodos de matrícula

Haberá dous períodos de matrícula ordinarios para estudantado de doutoramento de novo ingreso: un ao comezo do primeiro cuadrimestre e outro a comezo do segundo cuadrimestre do mesmo curso académico. A CAPD poderá solicitarlle á Universidade cada curso académico que non se habilite o segundo período de matrícula para alumnado de novo ingreso.

Os prazos para o pagamento dos prezos públicos serán os fixados na resolución reitoral da correspondente universidade.

As tres universidades do SUG tratarán de establecer un calendario de matriculación común.

Artigo 23. Matrícula a tempo completo e a tempo parcial

O estudantado de doutoramento poderá matricularse a tempo completo ou a tempo parcial. Para esta última modalidade, será requisito indispensable a condición de doutorando/a a tempo parcial outorgada, de ser o caso, pola CAPD. Esta condición deberá solicitárselle cada curso académico á CAPD, mediante os documentos xustificativos. Para a condición de doutorando a tempo parcial, teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal.

- a) Os motivos de carácter laboral, preferentemente situacións de carácter fixo ou estable, pero non situacións eventuais, como contratos temporais, contratos en prácticas ou bolsas de colaboración cunha duración inferior a seis meses.
- b) Os motivos de carácter familiar ou persoal incluírán, entre outras, situacións de dependencia, coidado de maiores ou fillos/as discapacitados, familia numerosa con fillos/as en idade escolar e situacións de violencia de xénero.
- c) O estudantado cun grao de discapacidade superior ao 33 % obterá, se llo solicita e xustifica documentalmente á CAPD, a condición de estudante a tempo parcial.

O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse nos períodos de matrícula ordinarios, condicionada ao informe favorable da CAPD.

A Universidade, a proposta de cada CAPD, poderá establecer do total de estudantado matriculado no programa unha porcentaxe máxima de doutorandos/as matriculados a tempo parcial.

Artigo 24. Simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento e noutros estudos universitarios

Para a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado), terase en conta:



- a) Que a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo compute *en xeral* como 60 ECTS para os efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico. Non obstante, excepcionalmente será de 45 ECTS especificamente para a simultaneidade cos estudos do máster polo que a persoa accedeu ao doutoramento, sempre que lle resten 30 ECTS ou menos para rematar a dita titulación. Esta excepcionalidade só poderá aplicarse durante un curso académico.
- b) Que a suma dos créditos ECTS da matrícula a tempo completo no programa de doutoramento e a matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado) nun mesmo curso académico non pode exceder **do máximo establecido na normativa da Universidade de Vigo, para aqueles estudos.**
- c) Que un doutorando/a matriculado a tempo parcial nun programa de doutoramento non poderá realizar simultaneamente outros estudos universitarios.

Capítulo 7. Duración dos estudos de doutoramento

Artigo 25. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

A duración dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial será, respectivamente, dun máximo de tres e cinco anos respectivamente. En cada caso, esta duración contarase desde a primeira matrícula do doutorando/a polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.

A duración mínima dos estudos de doutoramento será, a tempo completo e a tempo parcial, de 18 meses, que se contarán desde a admisión do doutorando/a ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.

No caso do alumnado procedente de estudos de doutoramento regulados por normativas anteriores ou traslados de expedientes doutras universidades, computará para os efectos do establecido no parágrafo anterior o período en tutela académica previo á matrícula no programa de doutoramento na Universidade de Vigo.

Cando nun mesmo programa de doutoramento o doutorando/a utilizase ambas as modalidades de matrícula computarase para todos os efectos a duración dos estudos de doutoramento en termos de estudos a tempo completo, e considerarase que un ano de matrícula a tempo parcial equivale a 0,6 anos de matrícula a tempo completo.

Artigo 26. Prórrogas para a realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta despois de transcorrer o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a súa prórroga, logo da solicitude do doutorando/a. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos noutro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da Universidade.



Artigo 27. Baixa temporal nun programa de doutoramento

O doutorando/a poderá solicitarlle á CAPD a baixa temporal no programa por enfermidade, embarazo ou por calquera outra causa prevista pola normativa vixente por un período máximo dun ano, ampliable ata un ano máis. A CAPD pronunciarase sobre se procede acceder ao solicitado polo doutorando/a, de acordo coa normativa da Universidade. As actividades desenvoltas por este/a durante a baixa temporal non poderán incluírse no documento de actividades e os períodos de baixa temporal no programa non computarán no prazo de desenvolvemento da tese ao que fai referencia o artigo 25 deste regulamento.

Artigo 28. Baixa definitiva nun programa de doutoramento

A baixa definitiva nun programa de doutoramento implica a imposibilidade de matrícula no mesmo programa durante tres cursos académicos.

As baixas definitivas poden ser de carácter administrativo ou de carácter docente. Son causas de baixas definitivas administrativas as seguintes:

- Non realizar a matrícula anual nun curso académico.
- Non ter presentado o plan de investigación nos prazos establecidos.
- Non ter superados os complementos de formación en 3 cuatrimestres consecutivos.

Neste tipo de baixas definitivas o alumnado afectado podería solicitar, por unha única vez, a reincorporación ao mesmo programa de doutoramento tres cursos despois de terse producido a baixa. Esta reincorporación implica a anulación de todas as actuacións do expediente anterior.

Son motivos de baixa definitiva de carácter docente os seguintes:

- Ter dous informes negativos consecutivos na avaliación anual, ou para a aprobación do plan de investigación inicial.
- Non ter superada a defensa da tese nos prazos establecidos.

No caso das baixas definitivas de carácter docente o alumnado afectado non poderá solicitar a matrícula no mesmo programa de doutoramento, pero podería solicitar, por unha única vez, a matrícula noutro programa diferente.

En todo caso, a admisión nun programa de doutoramento quedará a criterio de cada CAPD.

Capítulo 8. Organización da formación e expediente do alumnado

Artigo 29. Competencias e destrezas que adquirirá o estudiantado

Os estudos de doutoramento garantirán, como mínimo, a adquisición polo alumnado das competencias básicas, destrezas e habilidades recollidas no artigo 5 do Real decreto 99/2011, así como aquelas outras que figuren no marco español da cualificación para a educación superior.

Artigo 30. Documento de actividades do doutorando



Unha vez matriculado cada doutorando/a no programa, materializarase o documento de actividades personalizado para os efectos do rexistro individualizado. Nel inscribíranse todas as actividades de interese para o desenvolvemento do doutorando/a segundo o que estableza a escola de doutoramento e será supervisado anualmente pola CAPD.

O devandito documento deberá axustarse ao formato establecido, rexistrarse na aplicación informática e deberá quedar constancia documental que acredite a realización das actividades realizadas polo doutorando/a.

O/a estudante de doutoramento terá acceso ao documento de actividades de doutorando/a para anotar e actualizar as actividades que realice no contexto do programa. Os seus rexistros serán validados polo órgano académico correspondente tras a valoración do titor/a e o director/a, logo da comprobación por parte da administración da autenticidade/veracidade dos méritos alegados, de ser o caso.

Ao documento de actividades de doutoramento terán acceso, para as funcións que correspondan en cada caso, o doutorando/a, o seu titor/a, o seu director/a de tese, así como as persoas que participen na avaliación e xestión do expediente.

Artigo 31. Plan de investigación

Antes de seis meses, que se contarán desde a data da matrícula, o doutorando/a elaborará un plan de investigación que incluíra a metodoloxía que empregará e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. O plan deberá ser presentado e avalado co informe do director/a e do titor/a, ademais de ser aprobado pola CAPD. Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual contando co aval do titor/a e o director/a.


Anualmente a CAPD supervisará o plan de investigación e o documento de actividades e disporá para realizar a supervisión dos informes que para tal efecto deberán emitir o titor/a e o director/a. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o/a estudante de doutoramento deberá ser de novo avaliado no prazo de seis meses, para o que elaborará un novo plan de investigación. No suposto de producirse unha nova avaliación negativa, causará baixa definitiva no programa.

O incumprimento do prazo de presentación do plan de investigación conleva o arquivo da matrícula. Dito arquivo de matrícula transformarase nunha baixa definitiva se non se presenta o plan de investigación finalizado o curso no que debería terse presentado.

Artigo 32. Compromiso de supervisión

As funcións de supervisión, tutela e seguimento dos/as estudantes reflectiranse nun compromiso de supervisión. O devandito compromiso será asinado por unha representación específica designada pola Universidade, o titor/a e o doutorando/a, nun prazo máximo dun mes que comezará a contar desde a data de matrícula, e incorporárase a sinatura do director/a no momento da súa designación. Este compromiso de supervisión incorporase ao documento de actividades do doutorando/a no momento da súa sinatura por todas as persoas implicadas.

No compromiso de supervisión especificárase a relación académica entre o doutorando/a e a Universidade, os seus dereitos e deberes, que incluírán os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, así como a aceptación do procedemento de resolución de conflitos e a súa duración. Incluíranse tamén os deberes da/s persoa/s que tutelén e dirixan a tese.



Artigo 33. Resolución de conflitos

As dúbidas ou controversias que xurdan en relación cos axentes implicados no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polas persoas interesadas en primeiro termo ante a CAPD.

No caso de que as controversias conclúan nun conflito, a súa resolución corresponderalle ao órgano designado pola escola de doutoramento, seguindo o protocolo da guía de boas prácticas da Escola de doutoramento. O acordo será comunicado por resolución do director/a ou presidente/a do órgano ás partes afectadas. As persoas lexitimadas poderán presentar un recurso de alzada contra esta resolución perante o reitor/a da Universidade ou persoa en quen delegue.

Capítulo 9. Tese de doutoramento

Artigo 34. A tese de doutoramento

A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación relacionado cos campos científico, técnico ou artístico do programa de doutoramento cursado polo doutorando/a.

A tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en lingua galega, castelá, inglesa ou portuguesa, ou no idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico de que se trate. Non obstante, a escola de doutoramento poderá autorizar a súa redacción noutro idioma, logo de que a CAPD informe favorablemente e garanta que o tribunal estea en condicións de xulgala. No caso de que se redacte nunha lingua distinta do galego ou do castelán, a tese deberá incluír un resumo de, polo menos, 3000 palabras en galego ou en castelán.

A tese de doutoramento incluírá, co carácter xeral: resumo, introdución, obxectivos, metodoloxía, resultados, conclusións e bibliografía, así como os informes de valoración da tese do director/a e do titor/a. A escola de doutoramento publicará unha guía de boas prácticas para a dirección de teses de doutoramento e unha guía de estilo para a presentación da tese de doutoramento.

Artigo 35. Procedemento de autorización da tese para a súa defensa

Logo de rematada a elaboración da tese e tras o informe favorable da persoa ou persoas que a dirixen e, no seu caso, do titor/a, o doutorando/a solicitaralle á CAPD a autorización para a súa defensa de acordo co procedemento establecido en cada caso.

Unha vez autorizada a presentación da tese para a súa defensa por parte da CAPD, esta remitiralle, á maior brevidade, á escola de doutoramento a seguinte documentación:

- Un informe de autorización para a defensa da tese emitido pola CAPD.
- Un exemplar da tese en soporte papel asinado polo doutorando/a e co visto e prace do director/a ou directores/as da tese e, de ser o caso, do titor/a, e un exemplar en formato electrónico (PDF). Estes exemplares deberán respectar as normas de estilo vixentes.
- Toda a documentación requirida no caso de que se solicite a mención internacional e/ou tese por compendio de publicacións segundo o establecido no presente regulamento.



- O documento de actividades do doutorando/a actualizado e o plan de investigación acompañado dos informe favorables do titor/a e do director/a.
- Unha proposta da composición do tribunal que xulgará a tese aprobada pola CAPD, formado por doutores/as especialistas na materia da tese de doutoramento, con experiencia investigadora acreditada e segundo o establecido no artigo 37 do presente regulamento.

Unha vez recibida toda a documentación da tese e logo de revisar pola unidade competente que o expediente está completo e correcto, abrirase un período de exposición pública de 10 días hábiles en período lectivo, garantindo a máxima difusión institucional para que calquera doutor/a poida examinar a tese e dirixirlle por escrito as consideracións que estime oportunas á escola de doutoramento. Co fin de facilitar a consulta das teses, a Universidade valorará a posibilidade de habilitar un procedemento telemático, sempre que non concorran limitacións derivadas do artigo 14.6 do RD 99/2011.

Cando finalice o período de exposición pública, o órgano designado pola escola de doutoramento valorará a tese tendo en conta o informe da CAPD e as alegacións recibidas, de ser o caso. Asemade, o citado órgano poderá convocar o doutorando/a e/ou o director/a ou solicitarlle unha resposta razoada das alegacións ou outra información que considere necesaria, e poderá consultarlle á CAPD e/ou contar coa colaboración doutros doutores/as externos para asesoramento á hora de avaliar a tese.

Tras a valoración da tese, o órgano designado pola escola de doutoramento decidirá aprobar ou denegar a continuidade dos trámites, que deixará un rexistro desta decisión no documento de actividades do doutorando/a. Esta decisión comunicaráselle a quen dirixa a tese de doutoramento, ao/á estudante e á CAPD.

No caso de denegación da continuidade dos trámites, que deberá estar debidamente motivada, o órgano designado pola escola de doutoramento comunicarlle ao doutorando/a as vías que poidan conducir a corrixir axeitadamente a súa tese de doutoramento, antes de proceder a unha nova solicitude de depósito.


No caso de continuidade aprobarase o tribunal nos termos establecidos no artigo 37 do presente regulamento.

O nomeamento do tribunal e as persoas suplentes comunicaráselle á CAPD e ao director/a, e farase chegar a cada un deles a notificación da súa designación. Ademais, remitiráselle a cada membro do tribunal un exemplar da tese de doutoramento e o expediente do doutorando/a. A partir deste momento, os membros do tribunal disporán de 20 días naturais para enviarlle ao órgano designado pola escola de doutoramento un informe individual e razoado en que se valore a tese e figure explicitamente o ditame sobre se se autoriza ou non a súa defensa.

Unha vez recibidos os informes, o órgano designado pola escola de doutoramento disporá se procede ou non a defensa pública ou, de ser o caso, a interrupción da súa tramitación, o que se lles comunicará por escrito ao doutorando/a, aos directores/as da tese e á CAPD.

De ser denegada a autorización da defensa da tese polo órgano designado pola escola de doutoramento, o doutorando/a poderá solicitar a certificación literal dos ditames aos que se refire o parágrafo anterior. No caso de ser autorizada a defensa, o/a estudante de doutoramento poderá solicitar a certificación literal dos informes despois desta.

A defensa pública deberá realizarse nun prazo máximo de tres meses desde a autorización da defensa polo órgano designado pola escola de doutoramento, salvo causas debidamente



xustificadas. Se se supera este prazo, deberán iniciarse de novo os trámites de autorización da tese para a súa defensa.

Ao longo do proceso de autorización da defensa da tese o doutorando/a estará obrigado a introducir os datos da súa tese na base TESEO segundo o procedemento e os prazos que establece a Universidade.

Artigo 36. Teses con protección de dereitos

No compromiso documental incluíranse as cláusulas oportunas para garantir a non difusión dos contidos no caso de teses de doutoramento en que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou as que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual e dos que non se poida realizar a difusión de contidos antes de estar debidamente protexidos.

Este tipo de tese formalizarase en dúas versións: a reducida, en que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de segredo ou confidencialidade, e o exemplar completo, que quedará arquivado na Universidade baixo compromiso de confidencialidade.

O exemplar reducido será o que se deposite para a súa consulta pola comunidade científica de doutores/as. Esta versión deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública da tese.

A versión completa será a que se lles entregue aos membros do tribunal para avaliála. Os membros deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos dos que non se pode facer unha difusión pública.

Se o tribunal desexa formularlle cuestións ao doutorando/a sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse en sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no *repositorio* institucional. Realizadas as oportunas proteccións ou vencido o prazo de confidencialidade, o doutorando/a poderá solicitar, logo da acreditación destas circunstancias, a súa substitución polo exemplar completo.

Artigo 37. Tribunal de avaliación

A CAPD, despois de oír ao director/a da tese (e/ou de ser o caso, ao titor/a) propondrá unha relación de seis membros do tribunal que avaliará a tese.

Unha vez admitida a trámite a tese de doutoramento pola CAPD, o órgano designado pola escola de doutoramento avaliará a proposta de tribunal remitida pola CAPD. Esta proposta irá acompañada dun informe individualizado e razoado sobre a idoneidade de cada un dos membros propostos para xulgar a tese mediante a mención da especialidade ou especialidades da súa investigación, publicacións, proxectos de investigación e outras actividades ou méritos que consideren oportunos, así como a aceptación expresa dos membros propostos para formar parte do tribunal.

O tribunal encargado de xulgar a tese será nomeado polo órgano designado pola escola de doutoramento entre os seis especialistas propostos pola CAPD e estará constituído por tres persoas titulares e dúas suplentes. Entre os membros do tribunal nomearase un presidente/a e un secretario/a. No caso de que ningún membro do tribunal pertenza á Universidade de Vigo, a CAPD designará un profesor/a do programa de doutoramento da Universidade como responsable da recepción das actas e da súa posterior entrega na unidade administrativa correspondente.



En caso de renuncia por causa xustificada dun ou dunha integrante titular do tribunal, substituirase pola persoa suplente seguindo a orde da proposta de suplentes do tribunal.


Na composición do tribunal deben respectarse os seguintes requisitos:

- a) Todos os membros deberán ser doutores/as e con experiencia investigadora acreditada. Entenderase por experiencia acreditada o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos para ser director/a de tese no presente regulamento.
- b) O profesorado dos corpos docentes universitarios poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento aínda que estean en situación de excedencia, xubilación, servizos especiais ou en comisión de servizos, e considerárase neste último caso como pertencente á universidade en que se atope prestando os seus servizos. O profesorado contratado laboral poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento aínda que estean en situacións laborais equivalentes ás anteriores do persoal dos corpos docentes universitarios.
- c) O tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á Universidade e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento. **Non poderá formar parte do tribunal titular máis dun membro da mesma entidade.**
- d) No caso de teses presentadas por compendio de publicacións non poderán formar parte do tribunal os coautores/as das publicacións.
- e) En ningún caso poderán formar parte do tribunal o director/a ou codirectores/as da tese nin, de ser o caso, o titor/a, salvo nos casos de teses presentadas no marco de acordos bilaterais de cotutela con universidades estranxeiras que así o teñan previsto ou nos casos de teses presentadas en programas de doutoramento conxuntos con universidades estranxeiras, en virtude dos correspondentes convenios.
- f) No caso da mención internacional no título de doutor/a, ten que formar parte do tribunal titular, polo menos, unha persoa experta co título de doutor/a dunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio non españois. **Non poderá formar parte do tribunal a persoa responsable da estadía sinalada no artigo 42. Nomearase un doutor/a estranxeiro na comisión titular e outro que cumpra as mesmas condicións como suplente.**
- g) O tribunal titular contará coa presenza dun mínimo dun membro de cada sexo e o conxunto dos titulares e mais dos suplentes contará coa presenza dun mínimo de dous membros de cada sexo.
- h) Non poderá formar parte da proposta dun tribunal quen incorra en calquera das causas de abstención establecidas na lexislación vixente.

Artigo 38. Acto de defensa pública da tese

Unha vez autorizada a defensa pública da tese, o doutorando/a deberá efectuar o pagamento das taxas dos dereitos de exame do grao de doutor/a na unidade administrativa que se determine.

Logo de realizar o devandito pago de taxas, o órgano designado pola escola de doutoramento remitiralle ao secretario/a do tribunal os documentos que se deberán cubrir no acto de defensa da tese de doutoramento:



- Acta de constitución do tribunal.
- Acta da sesión.
- Sobres oficiais que recollan os informes confidenciais sobre a tese para os efectos da mención de cum laude e de premio extraordinario de doutoramento.

O presidente/a do tribunal convocará o acto de defensa da tese de doutoramento, e o secretario/a comunicarlle polo menos con 10 días de antelación o día, o lugar e a hora do citado acto á escola de doutoramento, que á súa vez informará a CAPD, o/a estudante, o director/a da tese, e fará a publicidade pertinente.

A defensa da tese deberá realizarse nunha sesión pública durante o período lectivo do calendario académico e terá lugar na propia universidade española en que o doutorando/a estivese matriculado ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos, nos termos que indiquen os convenios de colaboración. Calquera outra opción requirirá da autorización expresa do órgano designado pola escola de doutoramento, e deberase asegurar, en todo momento, o cumprimento da presente normativa e dos procesos establecidos para a súa avaliación.

En casos debidamente xustificadas por circunstancias excepcionais que imposibiliten a presenza física dun membro do tribunal, o órgano designado pola escola de doutoramento poderá autorizar a súa participación por videoconferencia, a condición de que os outros dous membros do tribunal estean presentes no acto. En ningún caso, este membro ausente poderá ser o presidente/a ou o secretario/a do tribunal.

Se no acto de defensa e exposición pública da tese non se presentase ningún membro do tribunal titular, incorporaranse os suplentes cumprindo o requisito sobre a maioría de membros externos á Universidade e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento. Se isto non fose posible, o presidente/a do tribunal suspenderá o acto de lectura e comunicarlle este feito á escola de doutoramento. O órgano designado pola escola de doutoramento poderá autorizar a defensa nas 24 horas seguintes. De non ser factible, o presidente/a convocará de novo o acto de defensa da tese de doutoramento nos termos fixados no presente regulamento.

Os membros do tribunal deberán expresar a súa opinión sobre a tese e poderán presentar cantas cuestións e obxeccións consideren oportunas, ás que o doutorando/a deberá contestar. Así mesmo, os doutores/as presentes no acto poderán formular cuestións e obxeccións, e o doutorando/a deberá responder todo isto no momento e forma que sinale o presidente/a do tribunal.

Artigo 39. Cualificación da tese de doutoramento

Unha vez finalizada a defensa da tese por parte do doutorando/a, o tribunal emitirá un informe sobre esta e a cualificación global concedida á tese de acordo coas seguinte escala: Non apto, aprobado, notable e sobresaínte. O/a secretario/a do tribunal redactará a acta de colación do título de doutor/a, que incluírá información relativa ao desenvolvemento do acto de defensa e a cualificación. Se o/a estudante tivese solicitado optar a mención internacional do título de doutor/a, o secretario/a do tribunal incluírá na acta de colación a certificación de cumprimento dos requisitos esixidos. O presidente/a do tribunal comunicará en sesión pública a cualificación. O tribunal poderá outorgar que a tese obteña a mención de cum laude se a cualificación global é de sobresaínte e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. A escola de doutoramento regulamentará o procedemento para a materialización da concesión final da



devandita mención nunha sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento.

O secretario/a do tribunal, ou docente en quen delegue, será responsable da documentación correspondente á defensa da tese de doutoramento, e deberá remitirla debidamente cuberta á unidade administrativa responsable dos estudos de doutoramento na Universidade no prazo máximo de cinco días hábiles posteriores ao día de exposición e defensa da tese para arquivala e documentala.

Artigo 40. Arquivo da tese de doutoramento

Unha vez aprobada a tese de doutoramento, a Universidade, a través da unidade responsable do arquivo universitario, ocuparase de arquivala en formato electrónico aberto nun *repositorio* institucional e remitiralle, en formato electrónico, un exemplar así como toda a información complementaria que fose necesaria ao ministerio competente na materia para os efectos oportunos.

Nas circunstancias establecidas no artigo 25, a escola de doutoramento habilitará procedementos que garantan o seu cumprimento.

Artigo 41. Tese por compendio de artigos de investigación e tese que inclúe artigos de investigación

A tese de doutoramento poderá consistir no conxunto de traballos que o doutorando/a ten publicados, ou conta coa aceptación definitiva para publicala, durante a súa etapa de realización. O conxunto destes traballos deberá abordar o proxecto de tese incluído no seu plan de investigación. Ademais, para ser incluída nesta modalidade de presentación da tese, como regra xeral cada publicación debe facer constar a adscrición do doutorando/a á universidade en que está realizando o programa de doutoramento.

No momento do depósito da tese no órgano designado pola escola de doutoramento, o doutorando/a presentará a seguinte documentación adicional:

1. Informe da persoa ou persoas que dirixen a tese coa aprobación da CAPD onde se especifique a idoneidade da presentación da tese baixo esta modalidade; a contribución do/a estudante de doutoramento, no caso de que haxa máis coautores/as; e os indicios de calidade das publicacións presentadas.
2. Aceptación por escrito dos coautores/as de que o doutorando/a presente o traballo como parte da tese.
3. Renuncia por escrito dos coautores/as non doutores/as á presentación dos traballos como parte doutra tese de doutoramento.

A escola de doutoramento poderá establecer criterios específicos de calidade que deberán cumprir as publicacións que conforman a tese de doutoramento. En todo caso, os mencionados criterios deberán requirir cando menos o que segue:

- Que a tese inclúa un mínimo de tres artigos de investigación, publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar editados en revistas indexadas na



listaxe do ámbito correspondente do *Journal Citation Reports* (SCI e/ou SSCI). Nas áreas en que non sexa aplicable este criterio, poderá substituírse polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.

- Que os traballos sexan achegas aceptadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión anónima por pares.

Ademais dos requisitos xerais indicados no parágrafo anterior, a tese debe incluír:

- Unha introdución, que especificamente conterà unha xustificación razoada da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese; os obxectivos que se deben alcanzar; unha discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos; as conclusións e bibliografía común.
- Unha copia íntegra das publicacións, xa sexan publicadas ou con aceptación definitiva para a súa publicación, onde conste necesariamente o nome e a filiación do autor/a. Deben quedar claramente explícitos os nomes e a filiación de todas as persoas coautoras, a súa orde, así como a referencia completa da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. No caso dos artigos con aceptación definitiva para a súa publicación e que na presentación da tese aínda non estean publicados, engadirase o seu código de identificación (o DOI nas publicacións dixitais).
- Ningún dos artigos incluídos na tese poderá ser anterior á data de matrícula no programa de doutoramento, agás que se trate dun artigo xa recoñecido como actividade formativa no propio programa.

Calquera tese que, sen pertencer á modalidade de tese por compendio de artigos, inclúa a transcripción dun artigo científico no seu contido ou como anexo, deberá incluír no momento do depósito a documentación 2. e 3. referidas anteriormente.

Capítulo 10. Mencions especiais

Artigo 42. Mención de Doutoramento Internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención de doutoramento internacional, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que durante a etapa de realización da tese o doutorando/a estivese unha estadía mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. A estadía e as actividades han de ser avaladas polo director/a e autorizadas pola CAPD, e incorporaranse ao documento de actividades do doutorando/a.
- b) Que parte da tese (polo menos a introdución, o resumo e as conclusións) se redacte e sexa presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais en España. Esta norma



non se aplicará cando as estadías, os informes e os expertos procedan dun país de fala hispana.

- c) Que a tese fose informada por un mínimo de dous expertos doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non español.
- d) Que polo menos un experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutor/a, e distinto dos dous expertos/as referidos/as no apartado c), forme parte do tribunal avaliador da tese. Non poderá formar parte do tribunal a persoa responsable da estadía mencionada no apartado a).
- e) Que a defensa da tese sexa efectuada na propia universidade española en que o doutorando/a estivese inscrito ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos, en calquera das universidades participantes ou nos termos que indiquen os convenios de colaboración.
- f) Que a estadía mencionada no apartado a) constituía unha auténtica acción de mobilidade do doutorando/a, cara a un país diferente daquel no que teña ou tivera a súa residencia habitual e diferente de aquel no que se desenvolvera a súa formación académica previa ao doutoramento.

A CAPD deberá remitirlle ao órgano designado pola escola de doutoramento a documentación acreditativa da estadía, a súa autorización para realizala e os informes dos dous expertos/as externos, xunto co resto de documentación, para que poida autorizar a defensa da tese de doutoramento.


Artigo 43. Teses en réxime de cotutela internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a dilixencia “Tese en réxime de cotutela”, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a tese de doutoramento estea supervisada por dous ou máis doutores/as de dúas universidades, unha española e outra estranxeira, que deberán formalizar un convenio de cotutela.
- b) Que durante o período de formación necesario para a obtención do título de Doutor/a, o doutorando/a desenvolvera unha estadía mínima de seis meses na institución coa que se establece o convenio de cotutela, facendo traballos de investigación nun só período ou en varios. As estadías e mailas actividades serán reflectidas no convenio de cotutela.

Deberanse respectar as lexislacións vixentes para temas de doutoramento existentes en cada país.

Asinarase un convenio marco entre as dúas institucións interesadas que estableza as liñas xerais de cooperación. Para cada cotutela que se poña en funcionamento asinarase, nos primeiros dous anos de formación doutoral, un convenio específico baseado no principio da reciprocidade que terá unha duración máxima de tres anos. En virtude do convenio específico, cada institución



recoñeceralles, para todos os efectos, aos seus investigadores/as as tarefas de dirección da tese independentemente do lugar da súa defensa.

As candidatas e candidatos á preparación do doutoramento en cotutela efectuarán o seu traballo baixo o control e a responsabilidade dun director/a de tese en cada unha das institucións interesadas.

O doutorando/a matricularase en cada unha das institucións-

O tempo de preparación da tese non será superior a tres anos desde a sinatura do convenio específico e repartirase entre as dúas institucións por períodos de estadía alternativos en cada unha delas. O tempo de estadía mínimo nunha das dúas institucións non será inferior a seis meses, e completarse o período restante na outra. A devandita estadía poderá realizarse dunha soa vez ou en varios períodos.

En virtude do convenio de co-tutela, e sobre a base dunha única defensa da tese de doutoramento, cada universidade comprométese, se así se acorda, a expedir o seu propio título de doutor/a correspondente, previo pagamento dos dereitos de expedición, e con indicación da existencia da cotutela mediante o procedemento previsto na regulación de cada institución.

Independentemente do lugar da defensa da tese, no caso de que se acorde a expedición dun título de doutor/a pola Universidade de Vigo, a tese deberá solicitar a súa admisión a trámite na mesma.

Unha vez que sexa admitida a trámite a tese, o tribunal ante o que se deba defender será proposto segundo o que se teña acordado no convenio específico de cotutela. A totalidade dos membros do tribunal deberán estar en posesión do título de doutor e contar con experiencia investigadora acreditada. O tribunal estará formado por unha maioría de membros externos ás universidades asinantes e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento.

O convenio específico de cotutela atenderá á lexislación vixente sobre doutoramento en ambas institucións, e deberá conter acordo sobre os seguintes aspectos:

- a) Duración.
- b) Tempo de estadía en cada universidade, que non será inferior a seis meses en ningunha delas.
- c) Universidade onde se producirá o pagamento das taxas en cada curso académico. O doutorando/a matricularase en cada unha das institucións, pero poderá establecerse dispensa de pagamento nunha delas. No caso de que a dispensa lle corresponda á Universidade de Vigo o convenio específico deberá indicar a partida orzamentaria na que se cargará a taxa.
- d) Persoa encargada da dirección da tese en cada unha das universidades.
- e) Idioma no que se redactará a tese. De ser o caso, terase en conta a normativa para obter a mención de doutoramento internacional no título de doutor/a.
- f) Lugar de defensa da tese.
- g) Acordo sobre expedición do(s) título(s).



- h) Estrutura do tribunal. Aínda que poderá contar con máis de tres membros, tres deles deberán cumprir coa normativa propia da Universidade de Vigo no que atinxe aos tribunais.
- i) Financiamento dos gastos do profesorado que forme parte do tribunal. Deberán respectarse os máximos establecidos na Universidade de Vigo ou indicar a partida orzamentaria onde se cargará o exceso.
- j) Normas de redacción de actas e documentos relativos á defensa das teses. No caso de que os baremos de cualificación non coincidan, deberá especificarse como se establecerá a cualificación válida en cada unha das universidades. Deberá establecerse tamén o sistema de concesión ou non da mención cum laude, de xeito que sexa compatible coa norma da Universidade de Vigo.
- k) Aspectos administrativos sobre comunicación de información e documentación que deba trasladarse entre ás universidades asinantes. Deberá atenderse ao previsto no artigo 43 desde regulamento.

A escola de doutoramento realizará o seguimento e o control das teses realizadas en réxime de cotutela e supervisará a redacción dos convenios específicos.

Artigo 44. Procedemento administrativo da cotutela

- 1 Os reitores/as (ou representantes legais que correspondan) asinarán os convenios de colaboración marco e específico a proposta da institución en que se vaia ler a tese de doutoramento. Os convenios deberán serlle remitidos á escola de doutoramento e aprobados polo órgano designado por ela.
- 2 Unha vez asinado o convenio de cotutela específico, o doutorando/a presentará a súa solicitude de admisión no programa de doutoramento da Universidade de Vigo mediante as normas de matrícula ditadas para os efectos.
- 3 O doutorando/a formalizará a matrícula en período de tese en cada curso académico mentres estea en vigor a cotutela.
- 4 Na portada da tese deberá figurar que esta se realiza en cotutela entre as dúas institucións.
- 5 Salvo acordo expreso nun sentido diferente no convenio de cotutela, o tribunal será designado pola institución en que se vaia ler a tese de doutoramento. A institución que nomee o tribunal enviaralle unha notificación da súa designación á outra institución e se nun prazo de 30 días non recibe ningunha alegación considerarase aprobado.

No caso de defensa da tese na Universidade de Vigo:

- a) A presentación, autorización e defensa da tese de doutoramento seguirá o regulamento da Universidade de Vigo.




- b) O doutorando/a debe engadirlle ao expediente de solicitude de admisión a trámite da lectura da súa tese de doutoramento unha certificación da estadía ou estadias de investigación expedida pola outra institución, e validada polo CAPD.
- c) A unidade administrativa comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa aplicable e someterá a tese á aprobación do órgano designado pola escola de doutoramento.
- d) No relativo á defensa da tese haberá unha acta específica onde se especifiquen os termos da cotutela (institucións participantes e data de sinatura do convenio específico) e o secretario/a do tribunal certificará que no tribunal participa algún membro da outra institución.
- e) Recibida a acta de lectura de tese, darase a alta no programa informático e indicarse expresamente a realización en réxime de cotutela coa outra institución e a data da sinatura do convenio específico.
- f) O título de Doutor/a incluírá no seu anverso a dilixencia “Tese en réxime de cotutela coa Universidade X”.
- g) A unidade administrativa competente comunicarlle á outra institución a defensa da tese e a solicitude de emisión de título, nun prazo de 30 días a partir do asento do título no rexistro.

No caso de defensa da tese na outra institución, nun prazo de 30 días a partir do rexistro do título na outra institución, esta achegaralle á Universidade de Vigo unha certificación en que consten os seguintes datos:

- nome e DNI (ou número de pasaporte) do doutorando/a,
- título da tese,
- nome, DNI (ou número de pasaporte) e filiación dos directores/as de tese,
- data de lectura,
- cualificación,
- composición do tribunal,
- denominación do título,
- outra documentación prevista no convenio de cotutela

A unidade administrativa competente asentará no libro de rexistro de teses de doutoramento en cotutela lidas noutras institucións.

Artigo 45. Doutoramento industrial



Outorgarase a mención “Doutoramento Industrial” sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) A existencia dun contrato laboral ou mercantil suscrito polo doutorando/a cunha empresa do sector privado ou público ou por unha Administración Pública.
- b) O doutorando/a deberá participar nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva na empresa ou Administración Pública na que presta o servizo, que non poderá ser unha universidade. O proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental no que participe o doutorando/a deberá ter relación directa coa tese. Esta relación será acreditada mediante unha memoria que será avaliada pola universidade a través da Escola de doutoramento ou unidade responsable do programa de doutoramento.
- c) No caso de que o proxecto de investigación se execute en colaboración entre a Universidade de Vigo e a empresa ou Administración Pública na que presta servizo o doutorando/a, subscribirase un convenio marco de colaboración entre as partes. Neste convenio indicaranse as obrigas de ambas partes, así como o procedemento de selección dos doutorandos/as. O doutorando/a terá un titor/a designado pola universidade e unha persoa responsable designada pola empresa ou Administración Pública, que poderá ser, no seu caso, director/a da tese sempre que cumpran os requisitos sinalados no artigo 10.

Capítulo 11. Premio extraordinario de doutoramento

Artigo 46. Premio extraordinario de doutoramento

As teses de doutoramento defendidas na Universidade de Vigo que teñan alcanzado a cualificación de **sobresaínte** cum laude poderán ser obxecto da mención especial de premio extraordinario de doutoramento na Universidade.

A Universidade establecerá anualmente o número de premios extraordinarios que concederá e os prazos e procedemento da convocatoria destes. Na devandita convocatoria incluírase a relación de criterios específicos que se aplicarán na selección das teses no relativo á concesión da mención do Premio Extraordinario.

O reitor/a, a proposta da escola de doutoramento, nomeará anualmente o/os tribunal/ais encargado/s de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.

Para poder pertencer ao devandito tribunal teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter, cando menos, un sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser unha das persoas que dirixa, codirixa ou titorice as teses que optan ao premio extraordinario.
- c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos dos e das estudantes de doutoramento que concorren ao premio.



Cada tribunal estará constituído, como mínimo, por tres membros titulares e tres suplentes. Na súa composición garantirase a presenza equilibrada dos ámbitos implicados. O tribunal, unha vez constituído e logo do exame da documentación achegada e das deliberacións oportunas, resolverá por maioría a **proposta de cualificacións das teses**, que se axustará ao número máximo previsto.

Para cualificala, o tribunal basearase nos criterios de avaliación fixados anualmente polo órgano designado pola escola de doutoramento, criterios que se deben facer públicos na convocatoria do premio e en ningún caso se poderá someter os candidatos e candidatas ao mencionado premio a realizaren exercicios ou probas adicionais. En calquera caso, estes criterios terán en conta, polo menos:

- A cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal.
- O currículo do alumnado que opta ao premio, en particular:
 - Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - Presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - Actividades de investigación que foran consecuencia da tese (contratos realizados ao abeiro do artigo 83 da LOU, transferencia de tecnoloxía, axudas e subvencións...).

O tribunal enviaralle a **cualificación das teses** ao órgano designado pola escola de doutoramento para valorala e este remitiralle a súa **proposta de concesión dos premios** á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo Consello de Goberno. A unidade administrativa competente enviaralle ao alumnado que obtivese o premio unha notificación formal do acordo, que se rexistrará no seu expediente académico. Nas certificacións académicas e no título de doutor/a farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento correspondente.


Aos doutores/as que se lles concedese o premio extraordinario de doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do título de doutor/a.

A mención do premio extraordinario farase constar no título de doutor/a, de acordo coas normas que dite o ministerio competente. Sen prexuízo do anterior, a Universidade de Vigo poderá dispor o recoñecemento documental de mención de premio extraordinario de doutoramento na forma oportunamente determinada.

Capítulo 12. Expedición de títulos

Artigo 47. Títulos

A superación dos ensinos de doutoramento dará dereito á obtención do título de doutor ou doutora, coa denominación que figure no RUCT.



Con anterioridade á expedición do título entregaráselles ás persoas interesadas unha certificación supletoria deste, conforme o modelo oficial. Este documento acreditará a finalización dos estudos e o dereito á expedición do título.

A denominación dos títulos de doutor/a será doutor ou doutora pola Universidade de Vigo, no caso dos títulos organizados por esta. No caso de programas interuniversitarios a denominación do título será a establecida no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Así mesmo, a expedición material do título incluírá información sobre o programa de doutoramento cursado, de acordo co establecido ao respecto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, e no Real Decreto 195/2016, de 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor.

As persoas interesadas poderán solicitar, sempre que a Universidade estea en condicións técnicas de expedilo, un suplemento europeo ao título (SET).

Para os programas Erasmus Mundus e títulos conxuntos aplicaranse os convenios e acordos establecidos e a lexislación estatal en materia destes títulos.

O título de doutor/a do alumnado estranxeiro producirá todos os efectos que lles outorga a lexislación vixente.

Capítulo 13. Dereitos e deberes do alumnado de doutoramento

Artigo 48. Dereitos específicos do estudantado de doutoramento

- 1 Ademais dos dereitos recoñecidos por norma estatal, autonómica ou da propia universidade, o alumnado de doutoramento ten os seguintes dereitos específicos:
 - a) A recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia científica e atenda á equidade e á responsabilidade social.
 - b) A contar cun titor/a que oriente o seu proceso formativo e un director/a e, no seu caso, codirector/a ou codirectores/as, que supervisen a realización da tese de doutoramento.
 - c) A procurar a integración do estudantado de doutoramento en grupos e redes de investigación.
 - d) A coñecer a carreira profesional da investigación e a que se promovan oportunidades de desenvolvemento da carreira investigadora.
 - e) A participar en programas e convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional.
 - f) A contar co recoñecemento e a coñecer os mecanismos de protección da propiedade intelectual a partir dos resultados da tese de doutoramento e dos traballos de investigación. As publicacións resultantes dos traballos rexeranse pola normativa de propiedade intelectual.



- g) A ser considerados como persoal investigador en formación, de conformidade co estatuto do persoal investigador, coa carta europea do investigador e no que se estableza na Lei da ciencia, da tecnoloxía e a innovación (LCTI).
 - h) A ter representación nos órganos de goberno como persoal investigador nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade e nos regulamentos e normas electorais da Universidade.
 - i) A colaborar no seguimento dos programas de doutoramento e nos procesos de avaliación institucional, nos termos previstos nos sistemas de garantía da calidade e demais normativa vixente.
 - j) A participar en programas de mobilidade durante o período de investigación do seu programa de doutoramento, se son estudantes de ensino de doutoramento internacional. A duración destas estadias será a establecida na súa normativa reguladora.
- 2 As escolas de doutoramento no seu regulamento de réxime interno poderán desenvolver e concretar os dereitos e deberes contidos neste acordo.
- 3 No compromiso de supervisión asinado pola Universidade e o doutorando/a farase referencia a estes dereitos e ao sistema e procedemento de resolución de conflitos, e tamén recollerá os aspectos específicos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que se poidan xerar no ámbito concreto do programa de doutoramento.

Artigo 49. Deberes específicos dos doutorandos/as

Son deberes dos/as estudantes de doutoramento os establecidos no artigo 13 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario e os establecidos nos Estatutos da Universidade e, no seu caso, os establecidos para os investigadores en formación.

O estudantado de doutoramento comprométese a desenvolver as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento, a documentalas no rexistro individualizado de control, e a levar a cabo a investigación obxecto do plan de investigación, baixo o seguimento e supervisión do titor/a e/ou director/a da tese.

Así mesmo, deben asumir as seguintes obrigas que, a título simplemente enunciativo, se concretan en:

- a) Levar a cabo as actividades formativas, de obrigada realización e superación en cada programa.
- b) Asinar e respectar o compromiso documental.
- c) Atender, observar e seguir as indicacións e recomendacións que lle faga o seu titor/a e/ou director/a de tese en relación coas actividades formativas programadas ou non no doutoramento.



- d) Informar regularmente o titor/a e/ou o director/a de tese da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos e dos problemas que se lle poidan presentar no seu desenvolvemento.
- e) Presentar nos prazos establecidos pola comisión académica o plan de investigación e o documento de actividades individualizado para someterse á avaliación da actividade realizada no prazo previsto pola normativa.
- f) Dedicarlle á realización do programa de doutoramento, incluída a tese, o número de horas que se estableza no compromiso documental.
- g) Someterse ás regras de organización e uso de bens e equipos do centro onde realice a investigación.
- h) Cumprir os prazos e os deberes establecidos no presente regulamento.

Disposición transitoria primeira. Doutorandos/as conforme anteriores ordenacións

Doutorandos/as matriculados por primeira vez con posterioridade ao 11 de febreiro de 2011 en programas regulados polo Real decreto 1393/2007.

Este alumnado dispón de prazo ata o 30 de setembro de 2017 para a defensa da tese de doutoramento. Despois de transcorrer o citado prazo sen que se teña producido a defensa da tese o doutorando/a causará baixa no programa.

Aplicaráselles as disposicións reguladoras do doutoramento e da expedición do título de doutor/a polas que comezaran os seus estudos. En calquera caso, aplicaráselles todo o relativo ao tribunal, defensa e avaliación da tese do presente regulamento, excepto a necesidade de presentar o documento de actividades e o plan de investigación.

Disposición transitoria segunda. Programas de ordenacións anteriores

Programas regulados polo Real decreto 1393/2007

Os programas de doutoramento regulados polo Real decreto 1393/2007 quedarán completamente extinguidos antes do 30 de setembro de 2017, sen que se poida ofertar unha matrícula de novo ingreso, en concepto de tutela académica de tese de doutoramento, a partir do curso 2013/2014.

Disposición transitoria terceira. Directores/as de teses de doutoramento

Aos actuais directores/as de tese que figuren como tal en proxectos de tese de alumnado matriculado en tutela de tese cando entre en vigor este regulamento, non se lles aplicará o relativo aos requisitos que se deben cumprir do artigo 10.

Non obstante, no caso de altas e/ou incorporacións, e/ou modificacións, como director/a dunha tese dun/dunha estudante matriculado en tutela de tese cando entre en vigor este regulamento, si que se lles aplicará o cumprimento dos requisitos do artigo 10.

Disposición adicional primeira. Normas de permanencia nos estudos de doutoramento



A normativa de permanencia do estudantado de doutoramento na Universidade de Vigo rexeráse polo disposto no capítulo 7 do presente regulamento.

Disposición adicional segunda. Situacións non recollidas no presente regulamento

As situacións excepcionais non reguladas polo presente regulamento serán resoltas polo comité de dirección da escola de doutoramento.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogada toda a normativa reguladora dos estudos de doutoramento e de elaboración e defensa da tese de doutoramento recollida no Regulamento de estudos oficiais de posgrao da Universidade de Vigo aprobado no consello de goberno do 14 de marzo de 2007 e todas as súas modificacións.

Quedan derogadas cantas disposicións, resolucións ou regulamentos se opuxeran ao disposto no presente regulamento, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias.

Disposición final. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, sen prexuízo da súa posible publicación no *Diario Oficial de Galicia*.